



CONCELLO DE TOURO

B A N D O

Medidas para a redución do consumo de auga do abastecemento municipal

Este verán está sendo especialmente seco, polo que de seguir así vanse ver afectados tanto os pozos e traídas particulares como o abastecemento municipal de auga.

A seca vai provocar unha maior demanda de auga do abastecemento municipal, polo que é necesario que tódolos usuarios tomemos conciencia da necesidade de reducir o consumo.

Para evitar a adopción no sucesivo de medidas como poden ser a fixación de mínimos e incluso cortes do subministro, é necesario respectar as seguintes medidas:

- Destinar a auga do abastecemento a usos domésticos.
- Evitar no posible o uso da auga do abastecemento para regar, enchido de piscinas, lavado de establos, etc.
- Autolimitar o consumo de auga tamén como medida de protección do medioambiente, evitando a detracción de auga dos ríos e dos acuíferos.

Por todo o exposto, solicito o esforzo solidario de tódolos usuarios do abastecemento municipal para reducir o consumo de auga, de forma que evitemos a adopción doutras medidas máis restritivas.

Touro, 7 de agosto de 2020.

O Alcalde en funcións,



Asdo.: Alfredo Souto Castelo